

Bernardo Varela López, voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense; María Mangana Guede e Xosé Manuel Puga González deputados do grupo provincial do BNG, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte: **MOCIÓN DO BNG ANTE A DECLARACIÓN DE ZONA VULNERABLE POR NITRATOS NA COMARCA DA LIMIA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestas pasadas semanas vimos de ter a constatación do que xa se sabía desde fai anos: **a comarca da Limia vai ser declarada como Zona Vulnerable por Nitratos (ZVN).**

Xa nos anos 90, e diante da problemática de contaminación de augas, tanto superficiais como soterradas, no norte de Europa, especialmente nos Países Baixos, a antiga CEE promulga unha “Directiva de Nitratos” no que xa se falaba da zonas vulnerables. E pónense en marcha normativas que regulan: as Zonas Vulnerables, Cadencia de 4 anos para revisión e Obriga de establecer un Programa de Actuación ou Plan de Acción.

No ano 2000 desenvólvese a Directiva Marco da Auga (DMA) que pasa a fixar condicións máis estritas. Esta Directiva promove un uso sostible da auga, garantindo que as actividades humanas como agricultura, industria, abastecemento urbano, non comprometan a dispoñibilidade e calidade deste recurso.

E xa no ano 2022, o Decreto 47/2022, “protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias”, desenvolve, regula e fixa un prazo máximo de 3 anos, que rematan en maio de 2025, para a Declaración de Zonas Vulnerables por Nitratos, pero exclusivamente por contaminación provinte de actividades agrarias e/ou gandeiras. Neste Decreto preséntase un mapa do Estado con zonas susceptibles de ser declaradas ZVN, froito de analíticas feitas por distintos organismos oficiais e que configura a situación actual.

Tamén establece un prazo máximo de dous anos para elaborar un Plan de Acción, desde o decreto de declaración de ZVN e reducir a contaminación. As condicións establecidas nese Plan de Acción deben ser revisadas cada catro anos. Todo parece indicar que a Xunta de Galiza vai esgotar o prazo de 24 meses, intentando que o tempo amañe a situación, cousa que por desgraza non vai acontecer.

Paralelamente a todo isto, no ano 2020, a Consellaría de Medio Rural contrata unha asistencia técnica para elaborar o Plan Estratéxico da Limia, como paso previo para a declaración da comarca como Zona Vulnerable por Nitratos. O traballo, coas correspondentes propostas foi entregado á Consellaría, mais nunca o presentaron na súa integridade e limitáronse a ir facendo o máis sinxelo: arranxo de pistas e campaña promoción da IXP Pataca de Galicia.

Desde este grupo provincial do BNG, en reiteradas ocasións temos solicitado información sobre este Plan Estratéxico, sen ter resposta concreta sobre o seu contido.

Xa máis recentemente, no pleno de outubro do ano 2022 da Deputación de Ourense o grupo provincial do BNG presentamos unha “**moción para a adopción de medidas urxentes ante o problema de contaminación nas comarcas da Limia e a ameaza de declaración das mesmas como zona vulnerable**”. Moción na que se advertía do inminente risco declaración de ZVN se non se actuaba de forma urxente. Moción pola que se rematou adoptando de xeito unánime tres acordos: en primeiro lugar, reclamar da Xunta

de Galiza que a través da Consellería do Medio Rural fíxese público con carácter inmediato o “Plan Estratéxico do Sector Agrario da Limia” xa rematado en novembro do ano 2021, e que se implementasen con carácter inmediato os fondos necesarios para comezar a executar as súas determinacións neste mesmo ano 2022. En segundo lugar acordábase reclamar da Confederación Hidrográfica Miño-Sil que como organismo da Conca do Río Limia emprendese as accións conducentes a minimizar a contaminación das augas e a mellora e optimización dos sistemas de regadío. E en terceiro lugar, instábase da Xunta de Galiza que fíxese público e en que estado se atopaba o expediente de declaración da Limia como “Zona Vulnerable por Nitratos” e que medidas tiña tomado ata ese instante para evitar esa declaración, se é que efectivamente tiña tomado algunha.

O pasado luns 24 de febreiro 2025, a Xunta de Galiza convoca en Ourense unha xuntanza con alcaldes e alcaldesas da comarca da Limia (9 concellos): Sarreaus, Xinzo, Trasmiras, Os Blancos, Rairiz de Veiga, Porqueira, Sandiás, Xunqueira de Ambía e Vilar de Santos. Nesa xuntanza, as persoas que representan á Xunta de Galiza, anuncian a inminencia da declaración de Zona Vulnerable para a comarca, trasladando críticas dirixidas ao Ministerio de Transición Ecolóxica e tamén ao Ministerio de Agricultura, suxeríndoas como as responsables da situación, tratando de eludir a súa responsabilidade.

E advirten de que, dalgún xeito, podemos “ser intervidos” pola EU, xa que, a través dunha suposta “comisión técnica”, poden visitar o noso territorio e determinar accións máis restritivas para a os sectores produtivos. Tamén lle trasladan a representantes do sector produtor, que a declaración como Zona Vulnerable NON VAI TER REPERCUSIÓNS NIN LIMITACIÓNS: TOTALMENTE FALSO iii.

Para afondar na improvisación e a inacción diante desta difícil situación para o sector agrario e gandeiro da comarca da Limia, tratan de explicar que non se implementaron medidas concretas (o Plan da Limia) en tempo e forma debido á expectativa de que as mobilizacións e protestas dos gandeiros e agricultores nos últimos anos deterían a declaración.

As propostas da Consellería do Medio Rural para incluír no Plan de Acción van desde a creación dunha etiqueta de gandaría e agricultura sostible para as zonas afectadas (pola boa xestión dos xurros), á posta en marcha de plantas de tratamento de residuos e produción de biometano.

En realidade estas plantas non resoven os problemas de contaminación do solo e da auga, pois na dixestión anaerobia non se elimina o nitróxeno nin fósforo do xurro, que son os elementos que poden dar lugar á contaminación por nitratos e á eutrofización. Compre ter claro que estas plantas NON reducen practicamente os nitratos, xa que o que reducen é o metano. Concentrando os “dixestatos”: e despois que se fai con eles??. Non lle dan solución.

Toda esta situación xera “medos” e inquedanzas dos nosos sectores produtivos e que poden poñer en perigo moitas explotacións, unha vez sexan declaradas ZVN, polo aumento dos custes de produción que poden vir dados por novos investimentos nas explotacións: (filtros, fosas de xurro...), polo custe do traslado do xurro até as plantas de biogás, pola obriga de aumento do barbeito, ou polo sistemas de abonado con materias químicas máis custosas; medos e inquedanzas polo aumento da burocracia como a obriga do libro de explotación, os plans de abonado; pola perda de prestixio das nosas producións: carne e pataca (IXP Tenreira Galega, IXP Pataca de Galicia) e a conseguinte baixada de prezos; así como as limitacións de produción en porcino.

Chegado este momento é fundamental destacar a absoluta responsabilidade da Xunta de Galiza, pola súa deixadez e falla de transparencia, quedando moitas cuestións sen resolver como que organismos oficiais foron

os encargados de realizar as analíticas?; como que estamos baseándonos en analíticas feitas entre 2016 e 2019, porén que resultados temos entre os 2019 e 2023?; cal é o papel de Augas de Galiza?; Por que a Xunta agardou 3 anos, sabendo que as tiñan que declarar.?; Por que non se presentou o Plan Estratégico da Limia nestes 4 anos?; Que medidas correctoras limitantes inmediatas, xa en maio, van ter que adoptar as explotacións agrarias e gandeiras desas ZVN?; se ten a Xunta de Galiza informe de impacto sectorial e económico destas declaracións?; Por que non se tivo en conta esta circunstancia das ZVN na elaboración e financiación das liñas de axuda e actuación do PEPAC?; Por que nos orzamentos da Consellaría do Medio Rural non figura ningunha medida económica?; Que financiación vai ter o Plan de Acción para adoptar as medidas inmediatas?. Estas son algunhas das cuestións á que a Xunta de Galiza vai ter que responder en sede parlamentaria, pola gravidade das repercusións que a súa inacción vai ter para a comarca da Limia.

Desde o BNG somos conscientes de que esta Deputación Provincial ten limitadas competencias na solución da maioría destes temas. Porén pode ser unha administración proactiva que axude e colabore na adopción de medidas que permitan mellorar a situación ambiental da comarca e das súas augas (tanto superficiais como soterradas), e, ao mesmo tempo, conservar o potencial agrario e gandeiro da comarca da Limia.

ACORDOS

1. Esixir á Xunta de Galiza que dea a coñecer de inmediato o contido completo do Plan Estratégico da Limia, elaborado xa en 2021, así como as medidas contempladas nel.
2. Ofrecer a colaboración do Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro, dependente desta Deputación Provincial, para coordinar analíticas, controis e seguimento; así como ofrecer asesoramento técnico ás explotacións gandeiras e agrarias da comarca á respecto das medidas que estableza o Plan de Acción correspondente.
3. Promover unha “comisión de seguimento” entre a Deputación Provincial, Xunta de Galiza, IXP Pataca de Galicia, Sindicatos Agrarios e asociación de empresarias/os da Limia, para a redacción do Plan de Acción e o seu desenvolvemento nos seguintes 4 anos.
4. Instar á Xunta de Galiza ao establecemento de medidas de apoio económico, a través das axudas da Consellaría do Medio Rural para plans de mellora de explotacións agrarias, que incorporen investimentos precisos para adoptar os requisitos ambientais precisos para a redución de emisión de nitratos a acuíferos .

Ourense, 13 de marzo de 2025

Asdo: Bernardo Varela López
Portavoz do Grupo Provincial do BNG de Ourense

A SEÑOR PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE